



# **PLAN DE ESTUDOS DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS DE VIGO 2015**

## **DOCUMENTO 1: INTRODUCCIÓN/ MISIÓN DA EMAO/ CARACTERÍSTICAS XERAIS**

## Índice de contido

CARACTERIZACIÓN XERAL E MISIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS DE VIGO.....	2
A EMAO: unha traxectoria singular no contexto das Escolas de Artes e Oficios en España.....	2
Opcións para o futuro da EMAO.....	3
Unha Escola de formación non regrada en artes e oficios artísticos. Unha institución cultural para a cidade.....	5
Da debilidade á oportunidade.....	6
Un Plan de Estudos encardinado nos retos do futuro e nas limitacións do presente.....	7
O proceso de redacción do Plan de Estudos 2014.....	8
Documentos que compoñen o Plan de Estudos 2014.....	10

## CARACTERIZACIÓN XERAL E MISIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS DE VIGO

### *A EMAO: unha traxectoria singular no contexto das Escolas de Artes e Oficios en España*

Cando a maior parte das Escolas de Artes e Oficios existentes en España, maiormente dependentes directa ou indirectamente das administracións locais, iniciaron o camiño de convertírense en Centros oficiais de Formación profesional, cedendo a súa xestión e financiamento ás Comunidades Autónomas, o Concello de Vigo entendeu, no ano 1983, que o futuro da centenaria Escola de Artes e Oficios de Vigo pasaba pola súa reconversión nunha institución de novo tipo, a **Universidade Popular**, acorde cos tempos de participación e democratización da cultura que inaugurara a Constitución de 1978. Nace aí a UP co cruño definido de ser unha institución de Cultura Popular, baixo o eixe teleolóxico e metodolóxico da animación socio-cultural.

A transformación das Escolas de Artes e Oficios existentes con anterioridade á LOMCE en Escolas oficiais de Arte e Deseño, primeiro, e logo de Arte e Superiores de Deseño (DECRETO 207/2005, de 14 de julio, por el que se transforman las escuelas de arte Pablo Picasso de A Coruña, Mestre Mateo de Santiago de Compostela, Ramón Falcón de Lugo y Antonio Failde de Ourense en escuelas de arte y superiores de diseño), foi a tónica xeral nas Escolas de Artes preexistentes en Galicia.

A Escola de Artes e Oficios de Vigo non seguiu esta opción, pois no ano 1983 foi redenominada como Universidade Popular de Vigo, e sometida a súa xestión a un Organismo Autónomo Municipal, sen que se incorporasen á mesma ensinanzas regradas. A Universidade Popuñar supuxo a incorporación de actividades formativas e de animación sociocultural (música moderna e tradicional, video, Artes gráficas, nomeadamente) que se desenvolveron en paralelo con especialidades da antiga Escola de Artes como Talla en madeira, Pintura, Debuxo, Repuxado en coiro, encaixe de Palillos, Ourivería ou Cerámica.

No ano 2003, por acordo da súa Xunta Reitora recuperou o nome tradicional de Escola Municipal de Artes e Oficios, sen que isto supuxera nada máis alá có cambio de denominación, sen

modificación dos seus estatutos (agás no que respecta ao artigo de denominación) nin do seu plan de estudos, que continuo fornecéndose de coxunturais programacións aprobadas ano a ano.

O carácter estático da formación que impartía a vella Escola, herdeira dun camiño que se iniciara na necesidade de formación técnica da man de obra nos principios do desenvolvemento industrial de Vigo e dos avatares das varias modificacións lexislativas ao longo da súa historia, tinguíuse da viveza e informalidade dos novos tempos, coa realización de programacións de ciclo anual e a posta en marcha de novas actividades: a Aula de video e a de Música Moderna da UP acompañaron coa súa acción á parte máis creativa da chamada *movida* viguesa dos 80. Xunta ela, parte das antigas ensinanzas continuaron, sen atopar un lugar cómodo entre o ensino tradicional en taller e unha formación aberta para adultos.

Infelizmente, o modelo da Universidade Popular esmoreceu, case sen terse minimamente consolidado, non de xeito traumático, nin cunha decisión político-administrativa expresa, senon conforme a un proceso de consunción, acompañado por traumáticos períodos obrigados de peche e mesmo cambio temporal de sede como consecuencia de graves problemas estruturais do edificio principal doado por García Barbón<sup>1</sup>.

Este indefinido camiño, no que convivía un esquema de Escola Popular --con currículos non expresos, longas permanencias de alumnado e programacións anuais-- coa máis rixida estrutura herdada da Escola de Artes previa á UP<sup>2</sup>, perviviu ata que no ano 2007, no medio dunha fonda crise provocada pola propia indefinición da UP/EMAO --que se pon de manifesto no atolladoiro da situación laboral insostible dunha parte do profesorado--, a Xunta Reitora aproba por unanimidade unha serie de medidas de normalización, nomeadamente o denominado Plan de Normalización Curricular (PNC), destinadas a definir e establecer de xeito experimental a orde e o alcance das especialidades a impartir.

No curso 2007-2008, despois dunha forte crise institucional provocada por sentenzas dos xulgados do Laboral que dispoñían como non suxeitos á legalidade os procedementos de contratación temporal de mestres utilizados ata a data, prodúcense cambios importantes, en síntese:

- Segregación do Organismo Autónomo do denominado Conservatorio de Música Popular Galega, que pasou a ser xestionado directamente polo Servizo de Educación do Concello cun contrato de servizos con empresa externa e coa nova denominación de Escola Municipal de Música Folk e Tradicional (e-Trad)<sup>3</sup>
- Aprobación dun Plan de Estudos provisional denominado Plan de Normalización Curricular (PNC)

---

<sup>1</sup> Pola súa significación futura, salientamos que durante canto menos un curso académico, as oficinas da, daquela, UP situáronse no edificio da Casa do Concello, mentres que os talleres e o seu equipamento foron desprazados a locais de asociacións de veciños onde se impartiron algunhas clases das especialidades existentes.

<sup>2</sup> Nese período de indefinición, cómpre salientar o desenvolvemento cara á modernidade que supuxo a creación do Conservatorio de Música Tradicional Galega, que se foi convertindo nunha referencia obrigada en Galicia no estudo, investigación e instrumentación da música Popular. Este Conservatorio adquiriu, na práctica, unha gran autonomía tocante á súa metodoloxía e contido, ata que en 2007, o Concello decide independizalo do Organismo Autónomo, para crear a e-Trad, cun esquema similar á doutras Escolas Municipais de Música e Artes escénicas dependentes directamente do Servizo de Educación Municipal. O seu enfoque cara á Música en comunidade marca hoxe unha diferenza importante verbo do enfoque que o PNC foi consolidando na Escola de Artes e Oficios.

<sup>3</sup> Hai que ter en conta que a totalidade do profesorado do Conservatorio de MT, agás o seu profesor de Arpa --que a partir dese momento exerceu tamén as funcións de dirección da e-Trad-- eran contratados laborais temporais, a tempo parcial, por obra o servizo de duración máxima de un curso, que se renovaba cada setembro dende facía anos.

## Opcións para o futuro da EMAO

Tras seis anos de implantación –se ben parcial-- do PNC e o mandato da Xunta Reitora no ano 2012 de establecer un novo Plan de Estudos en 2015, a determinación do carácter e da misión da EMAO pasa a un primeiro plano, na medida en que o alcance desta misión determina criticamente o futuro da institución.

Este futuro débátese entre tres posibles **opcións**:

- A desaparición do modelo actual coa súa transformación nun **Centro oficial de Formación Profesional dependente da Xunta de Galicia**. De seguido, un cadro de equivalencias<sup>4</sup> coas especialidades actuais da EMAO:

	Familia ou especialidade	Nivel	Referencia
Cerámica	Alfarería	Grao medio AeD	<a href="http://goo.gl/wgld8w">http://goo.gl/wgld8w</a>
Encademación artística	Artes aplicadas ao libro	Grao Superior	<a href="http://goo.gl/jpOAN5">http://goo.gl/jpOAN5</a>
Serigrafía artística	Serigrafía artística	Grao medio AeD	<a href="http://goo.gl/1f9lcZ">http://goo.gl/1f9lcZ</a>
Encaixe paillos	Téxtiles artísticos (parcial)	Grao medio AeD	<a href="http://goo.gl/X1Jjbm">http://goo.gl/X1Jjbm</a>
Artesanía Coiro	Artesanía en coiro	Grao medio AeD	<a href="http://goo.gl/uNUYtn">http://goo.gl/uNUYtn</a>
Ourivería	Xoiería de arte RD 1297/1995, de 21 de xullo	Grao medio AeD	<a href="http://goo.gl/rLqXem">http://goo.gl/rLqXem</a>
Escultura e talla, en madeira	Talla artística en madeira Artes aplicadas da escultura Artes aplicadas da madeira	Grao Medio AeD Grao Superior Grao Superior	<a href="http://goo.gl/U1VEFa">http://goo.gl/U1VEFa</a> <a href="http://goo.gl/zkUA1t">http://goo.gl/zkUA1t</a> <a href="http://goo.gl/HYyNy1">http://goo.gl/HYyNy1</a>
Moda e confección	Técnico en Confección y Moda Técnico Superior en Patronaje y Moda	Ciclo medio FP Ciclo superior FP	<a href="http://goo.gl/wxLHh1">http://goo.gl/wxLHh1</a> <a href="http://goo.gl/WPzJY0">http://goo.gl/WPzJY0</a>
Caim gaita	Non		
Caim zanfona	Non		
Caim luthería antiga	Non	Cualificación profesional	<a href="http://goo.gl/qEO0Fq">http://goo.gl/qEO0Fq</a>
Debuxo artístico	Non		
Pintura	Non		

- **Opción mixta**: transformar en ensinanzas regradas de Formación Profesional as que teñen correspondencia nos ciclos profesionais e manter como non regradas as ensinanzas de Debuxo e Pintura. Isto é o que se contemplaba no PNC e que non foi desenvolvido.
- A súa redefinición como **centro de animación sociocultural**, cunha formación de baixa intensidade dirixida á posta en contacto da poboación en xeral cos coñecementos básicos e as técnicas de determinadas especialidades, mediante cursos e actividades monográficas na liña do que se coñece como “arte comunitaria”. Estaríamos na fase de formación que pode equipararse á habitual que se imparte nalgúns Centros sociais do municipio.
- A súa concepción como **Centro educativo e cultural singular de carácter non formal**, dirixido a persoas adultas, que demandan unha formación específica de excelencia, interdisciplinabilidade e creatividade en materias artísticas e artesás, encamiñada non só ao

<sup>4</sup> Son equivalencias meramente referenciais pois non se corresponden máis que parcialmente o alcance, os contidos, metodoloxía e duración cos impartidos na EMAO.

seu crecemento persoal, senon tamén a un posible desenvolvemento profesional das súas capacidades artesanais e creativas, sen necesidade de acreditacións académicas previas nin acreditacións oficiais posteriores á súa experiencia formativa.

*O Plan de Estudos que se presenta opta pola última posibilidade expresada.*

### **Unha Escola de formación non regrada en artes e oficios artísticos. Unha institución cultural para a cidade**

Para definir a misión da EMAO, que dea sentido e contextualice o Plan de Estudos que se presenta, resulta importante a experiencia desenvolvida nestes anos de implantación do PNC, caracterizada por:

- A consolidación das 13 especialidades actuais, cunha traxectoria e currículo propio
- A creación de constelacións interdisciplinares e o traballo a partir de proxectos que, cada vez máis, interseccionan dentro dos obxectivos e a práctica de cada especialidade. Un aproveitamento das posibilidades derivadas da interacción entre especialidades, mediante a colaboración en redes formais e/ou informais e derivadas da proposta de elaboración de proxectos comúns, especialmente na sala de exposicións.
- O acerto na implementación das especialidades denominadas no PNC como *profesionais*, pois a súa estrutura e horario supuxo un mellor aproveitamento e eficiencia pola súa adaptación ás especificidades do traballo en taller.
- A consolidación dunha actividade cultural cara a cidade, manifestada especialmente na oferta expositiva, que transcende o mero carácter divulgador ao materializarse como un produto propio da actividade docente e do coñecemento e creatividade do alumnado. Esta actividade cultural ten tamén puntos de ancoraxe na difusión da Biblioteca como referente documental en Vigo nas materias de Oficios artísticos, cun importante fondo técnico, na presenza en internet<sup>5</sup>, na participación de especialistas externos en conferencias e clases maxistras e a apertura das instalacións ao desenvolvemento de actos culturais externos que atopan na EMAO un lugar idóneo para a súa oferta pública e de oportunidade para a formación integral e de desenvolvemento cultural do alumnado.
- A matriculación cada vez maior de alumnado que busca o perfeccionamento de coñecementos ou aptitudes previas nun entorno de taller con excelencia técnica e creatividade
- A mellora do perfil e variedade do alumnado derivado da mellora dos procedementos de acceso e da sistematización da docencia
- A tendencia a optar por itinerarios persoais profesionalizadores por parte do alumnado que remata os seus estudos na EMAO.
- A disposición e uso das novas tecnoloxías e dunha metodoloxía activa na aprendizaxe
- A responsabilización do alumnado na asistencia e seguimento dos seus estudos e na conciencia de pertenza a unha institución e non a un mero taller illado.
- A normalización da actividade docente e administrativa.

A experiencia destes anos parece demostrar que a EMAO pode cubrir un lugar de oportunidade inédito, situado entre a demanda de formación profesional regrada en Arte e Deseño e a animación socio-cultural: o lugar dunha institución municipal de carácter educativo non formal, con fonda

<sup>5</sup> <http://goo.gl/9G6wBC>

repercusión cultural no seu contorno e na que primen a búsqueda da excelencia, a interdisciplinabilidade, a creatividade e a formación sistemática para a construción individual dun entorno persoal de aprendizaxe permanente entre os seus egresados.

### ***Da debilidade á oportunidade***

Se a inexistencia en Vigo dunha oferta de formación regrada en Arte e Deseño, consecuencia da opción municipal de crear a Universidade Popular no ano 1982 -en lugar de seguir a pauta xeral de transformación en ensino oficial de Formación Profesional- foi unha debilidade sen alternativa, arrastrada durante anos de inercia, a situación actual e a experiencia dos últimos anos, abre unha magnífica OPORTUNIDADE de consolidación dunha **oferta cultural e formativa singular**, de carácter non formal, dunha Escola Libre na que sexa posible administrar con éxito a vella dicotomía entre as artes plásticas e os oficios artísticos, sen as ataduras dun currículo xenérico pechado e encamiñado á consecución dun título académico.

Unha Escola na que sexa posible a irradiación dos seus sinais de identidade: a excelencia técnica, a interdisciplinabilidade e a creatividade, ao conxunto da sociedade.

Esta *singularidade* exprésase nas seguintes ideas-eixe que aluman ao novo Plan de Estudos que se presenta e acotan a súa misión:

1. A EMAO é unha escola que quere primar os **Procesos Creativos**: o deseño é pedra angular en todas as especialidades e punto diferenciador das súas ensinanzas.
2. A EMAO é unha escola que quere acadar a **Excelencia Técnica**: o rigor, a boa execución técnica, os bos acabados, a correcta elección de materiais. Ademais dun perfil creativo orientado ao deseño, perseguimos un perfil técnico, actualizado e orientado cara á optimización dos resultados.
3. A EMAO é unha Escola na que se abren as portas á **interdisciplinabilidade**, á asunción de proxectos e coñecementos comúns entre as distintas disciplinas que se ofertan
4. A EMAO é unha escola que quere favorecer a **Autonomía dos seus estudantes**. Pretendemos que os estudantes da EMAO poidan seguir crescendo e desenvolvéndose como artesáns/artistas, unha vez rematados o seus estudos na escola; para isto precisan desenvolver as competencias de cada especialidade e precisan ademais, **Aprender a Aprender**, aproveitando as ferramentas e oportunidades ofertadas pola tecnoloxía. O desenvolvemento de entornos persoais de aprendizaxe (PLE Persoal Learning Environement) para cada estudante é unha ferramenta nuclear para o seu posterior crecemento.
5. A EMAO é unha escola que quere dar resposta ás **Necesidades da Cidade**, integrándose na súa realidade, nos seus procesos e coa súa cidadanía, retornandolle á sociedade o seu esforzo na súa creación e mantemento.
6. A EMAO é un Escola que quere **Abrirse a nivel Global**, compartindo as súas producións e proxectos e colaborando con artistas/artesáns na aldea global.

Tal oferta cultural e educativa expresada nesas ideas-eixe, representa unha oportunidade única de enlace coa dinámica sociocultural da nosa cidade, no contexto das tendencias e expectativas deste século; un contexto no que a iniciativa e a creatividade forman parte indisoluble de calquera proxecto de desenvolvemento integral, non só no que respecta á inserción profesional e á formación ao longo da vida, senon tamén, á aportación que ao crecemento dunha intelixencia colectiva, baseada no coñecemento técnico, na interdisciplinabilidade e o pensamento diverxente, que sirva como soporte e acicate dunha identidade cívica caracterizada pola excelencia técnica e a

creatividade.

Representa tamén a posibilidade de contar cunha institución municipal de prestixio e de referencia, co valor engadido da súa historia, dos seus máis de 125 anos de actividade ininterrompida, de investigación operativa e asesoramento en materia cultural, de apoio ás propostas de animación sociocultural do tecido asociativo vigués, de formación de futuros formadores soporte desas propostas, de lugar de encontro e de recursos públicos para as iniciativas e a dinámica creativa da cidade.

A existencia dunha institución deste carácter, encardinada nas coordenadas do século XXI, non contradi, senon que reforza, a lóxica demanda da implantación de ciclos formativos de Arte e Deseño na nosa cidade e a potenciación dunha formación de baixa intensidade, relacionada coas especialidades que imparte, na dinámica de animación sociocultural viguesa.

As súas instalacións ubicadas na centralidade da vida cultural viguesa, nun edificio de gran valor patrimonial e simbólico, servirán como eixe para estas tarefas e a súa presenza na vida cidadá e na Rede, servirán como caudal e receptáculo de coñecemento acumulado nunha posición privilexiada para poder colaborar no desenvolvemento da cultura global.

### ***Un Plan de Estudos encardinado nos retos do futuro e nas limitacións do presente***

O Plan de Estudos que segue --baseado no desenvolvemento das competencias técnicas, creativas e comunicativas do seu alumnado, na implicación do seu profesorado no traballo en equipo e na dinámica cultural da cidade e na posta a disposición dos seus recursos--, pretende respostar a ese reto de consolidar dende a contemporaneidade unha institución histórica que se adapta, adiantándose, aos complexos retos do futuro. Pretende respostar ao reto de servir á conservación e actualización dos valores singulares da cultura material tradicional, fronte ás ameazas da banalización producida pola tecnificación, a masificación e a obsolescencia programada.

Un futuro --que xa é presente-- que demanda a conformación dunha cidadanía cunha forte capacidade creativa e comunicativa, afeita a compartir os coñecementos ao máximo nivel e a ser parte individualizada na construción do procomún e dun empoderamento que dea sentido a unha vida activa e plena, imposible sen o concurso do saber e da creatividade.

Para esta misión non abonda, obviamente coa formalidade de aprobar un plan de estudos, senon tamén cómpre a aposta decidida de tódolos actores para que as intencións expresadas se transformen en procesos, programas e accións concretas que perfeccionen o proxecto inicial e transformen en prácticas as ideas.

Pasa necesariamente pola consolidación dun corpo de profesorado no que o mérito, a capacidade e a implicación nun proxecto innovador sexa demostrada. Tamén polo logro da colaboración na dinámica socioeducativa das persoas que representan fitos no quefacer creativo e artesano e profesional da cidade e na creación de formas de vinculación permanente de aqueles/as que rematan os cursos das distintas especialidades.

Loxicamente, un proxecto así depende absolutamente da existencia dun equipo profesional tanto nos labores de xestión e coordinación como, sobre todo, de docencia. A actividade da EMAO como Escola libre pivota completamente sobre a excelencia e a ilusión dos seus docentes, a participación



do alumnado na súa propia formación e na proxección exterior que sexan quen de acadar. Isto resulta incompatible coa inestabilidade laboral actual do profesorado, cuestión de primeira orde que se convirte nun primeiro obxectivo para a sostenibilidade tanto deste proxecto, como de calquera outro que pretenda a pervivencia da institución. O Plan que presentamos é, neste sentido, a base necesaria que xustifica a necesidade de buscar unha ferramenta normativa que permita a estabilidade do corpo docente, á par da posta en marcha dos mecanismos de valoración de postos, acceso e consolidación, se é o caso, que legalmente correspondan.

Xunta á descripción dos elementos básicos de reforma do PNC, no documento do novo Plan preséntase un Regulamento de Organización e Funcionamento da Escola que se deriva da valoración da aplicación das normativas parciais que se veñen aprobando dende a aprobación do PNC en 2007, refundíndoas tras a súa sistematización e dando cobertura organizativa ás determinacións da nova oferta educativa.

Na elaboración deste Plan tívose en conta, como non podía ser doutra maneira, as **fortes limitacións que a coxuntura socio-económica e legislativa impón**. Sen dúbida, sen estas limitacións o Plan, non sendo outro moi diferente, si incorporaría cuestións que nos parecen de transcendencia para o modelo proposto e que, esperemos, un contexto futuro distinto permitan implementar: a introducción de materias transversais relevantes como Volume e modelado e Deseño Gráfico, a singularización da materia Debuxo técnico con profesorado específico, a introducción de novas especialidades que completen unha oferta que se proxecte con máis contundencia cara ao futuro, como o Deseño e Imaxe dixital.

Tamén, noutro contexto, recuperar a intención inicial do PNC de incorporar ás actuais aquelas **especialidades relacionadas cos saberes patrimoniais**, coa posta en marcha de procesos de investigación-conservación-formación en oficios tradicionais, nomeadamente Tecido e Fibras vexetais, que tiveron xa unha importante presenza tando na Escola como na cidade. A incorporación do Centro de Artesanía Tradicional (CAT) --actualmente xestionado en convenio entre o Concello de Vigo coa Fundación Liste/Museo Etnográfico de Vigo-- á xestión da EMAO viría a reforzar mutuamente ámbolos dous equipamentos e a xerar sinerxias encamiñadas á conservación e difusión dos oficios tradicionais.

Da mesma maneira, consideramos que as especialidades actuais de **Construcción Artesanal de Instrumentos Musicais (CAIM)** deben, nun futuro próximo, expandírense para transformérense na **Escola de Luthería de Galicia**, para ocupar un déficit importante na nosa Comunidade Autónoma, un lugar de oportunidade e se poida dar cabida a persoas de todo o país que están interesadas en formárense profesionalmente nun oficio cuxos produtos son fortemente valorados e contan cunha importante e crecente demanda.

Como toda planificación, e máis nunha como a que se presenta, criticamente condicionada por un contexto socioeconómico desfavorable e unha indeterminación normativa, ten que ser susceptible de experimentación, reflexión, cambio e adaptación que consiga, co paso do tempo e a análise do que ocorre, un perfeccionamento progresivo interno e unha adaptabilidade grande aos cambios sociais.

### ***O proceso de redacción do Plan de Estudos 2014***

Como se vén de comentar na introducción que antecede, os fortes condicionantes socioeconómicos e normativos, nomeadamente as restricións na contratación de persoal, constitúen límites



insalvables para a innovación.

Eses condicionantes impiden que se poda facer unha lóxica proposta de ampliación das especialidades e, especialmente de introducción de contidos transversais e complementarios imprescindibles para completar unha oferta completamente nova.

Conscentes destas limitacións, optouse por aproveitar ao máximo a experiencia de implementación do PNC e, partindo dos recursos existentes, realizar as modificacións daquel Plan provisional precisas para a mellora xeral da oferta educativa e cultural actual, no marco do camiño estratéxico definido polo modelo de institución que se vén de explicitar no, para nós, moi relevante, capítulo introductorio.

Os elementos definitorios do novo Plan de Estudos 2014

O novo Plan --que debemos considerar, en rigor, como reforma do PNC vicente--, ten, en síntese os seguintes caracteres definitorios:

- Á vista da súa avaliación positiva, dar por consolidado (coas limitacións no tocante á imposibilidade de desenvolver plenamente as materias transversais e de formación complementaria) o modelo e formato das especialidades que o PNC denominou como “Profesional”: formación de alta intensidade horaria con 10 horas semanais (máis os estudos complementarios obrigatorios) en taller e dous cursos de duración.
- Incorpóranse a este modelo todas aquelas especialidades que podemos considerar como de artes aplicadas, ou oficios artísticos, agrupándoas --aos sós efectos de potenciar sinerxias e transversalidades-- nas áreas temáticas de *Oficios artísticos*.
- Continúase co modelo existente no PNC, por consideralo máis axeitado ao seu carácter, nas especialidades de Debuxo artístico e Pintura, agrupándoas baixo a área temática “Artística”. Correspóndese con 5 horas semanais de traballo en taller en 3 cursos.
- Unifícase a denominación dos niveis de estudos de tódalas especialidades en Básico, Medio, Superior e Avanzado, correspondendo Básico/Superior/Avanzado para as especialidades de *Oficios Artísticos* e de *Oficios artesanais* e Baixo/Medio/Superior/Avanzado nas da área *Artística*
- Introdúcese un novo nivel coa denominación *Avanzado* que vén substituír á actividade denominada *Aula aberta/Proxectos* do PNC
- Como consecuencia do cambio de modelo nas especialidades de *Oficios artísticos* introdúcese nestas a forma de acceso por Proba específica, deixando o acceso tradicional por concurso só as especialidades da área *Artística*
- Tocante aos cursos que se desenvolven en horario de mañá, continúaase co modelo actualmente existente no PNC, ao non contar con recursos docentes abondo para a súa modificación e poder seguir respondendo á demanda existente neste horario.
- Poténcianse como estratéxicas as accións culturais da EMAO, nomeadamente as derivadas da imbricación da Biblioteca na dinámica interna e externa da Escola, na consolidación do Espazo EMAO e na apertura a actividades culturais externas das instalacións.

O traballo de reflexións e análise que dá lugar ao Plan 2014 levouse a cabo, na práctica, do seguinte xeito:

- Constitución dunha comisión de Plan de Estudos dentro do Claustro, formada voluntariamente por cinco mestres da Escola. Elaboraron un só documento de síntese con indicacións xenéricas.
- Debate sobre criterios e aspectos concretos a proposta da Dirección e Xefatura de Estudos



en diversas sesións do Claustro.

- Constitución dun Grupo de Traballo intensivo (no que participaron 10 dos 13 metros) baixo unha dirección técnica especializada en programación, para o redeseño curricular das especialidades, adaptándose ás modificacións xerais e directrices para a reforma do PNC elaborados pola dirección e xefatura de estudos, tras os debates realizados nos Claustros. Deste Grupo de traballo xorde o documento Curricular central do Plan, orientado especialmente o desenvolvemento de capacitacións básicas e ao apoio á autonomía na formación do alumnado durante e con posterioridade á súa escolaridade.
- Redacción final pola dirección do Centro do conxunto dos documentos constitutivos do Plan.
- Entrega á Presidenta do Organismo Autónomo para a súa consideración, se procede, pola Xunta Reitora do Organismo Autónomo.

### ***Documentos que compoñen o Plan de Estudos 2014***

- Informe-proposta do técnico superior de Cultura e Educación do Concello de Vigo, director en funcións da EMAO
- Documento introductorio ao Plan 2014. Misión da EMAO
- Redeseño do currículo por especialidades
- Normativa do Plan de Estudos 2014
- Anexos
  - Horario profesorado curso 2015-2016
  - O Plan de Estudos nas actas do Claustro de profesorado
  - Documento elaborado pola comisión de profesorado